

IV CURSIÑO INTENSIVO

“Uso tradicional das plantas medicinais en Galicia: o exemplo do Caurel”

Estación Científica do Courel.

Novembro de 2019

Docente: María Moure de Oteyza

XERALIDADES

Trátase dun cursiño intensivo -impartido no marco da II Xornada Etnográfica da ECC- coa programación seguinte: teoría impartida de 11:00h a 14:00h e unha práctica de campo de 16:30h a 19:00h.

A teoría será de 3 horas de duración con media hora de lecer polo medio. Nesta ocasión se prestará especial atención aos rituais ancestrais e ás plantas de uso máxico-medicinal.

A primeira media hora será de introdución e as seguintes basearanse na exposición de diversas fichas técnicas de 12 plantas medicinais.

Cada ficha técnica está baseada nunha planta medicinal común empregada en Galicia a nivel tradicional, tomando coma referencia as utilizadas na Serra de O Caurel. Trátase dun total de 12 plantas clasificadas por orde alfabética. De cada unha delas estudarase o seu uso, tanto o recollido pola Farmacopea oficial coma o tradicional. Tamén se estudarán as partes utilizadas e a preparación, así como as precaucións de uso e, no caso de que proceda, o seu significado máxico-medicinal, así coma refráns, lendas e cancións. Dito estudo completárase cos coñecementos aportados polos asistentes.

As plantas medicinais estudadas serán as seguintes: Árnica, Estruga, Llantén, Loureiro, Malva, Malvela, Milfollas, Nogueira, Pericón, Ruda, Sabugueiro e Xanzá.

A práctica de campo consistirá nunha excursión en horario de tarde: de 16:30h a 19:00h.

A ruta da excursión poderá elixirse entre as seguintes: un tramo do *Camiño Real* (Ferrería Nova-Ferreirós Dabaixo-Ferrería Nova), Un tramo da *Ruta do Río Pequeno* (Seoane-Complexo de Turismo Rural de O Mazo-Seoane) ou Seoane-Esperante-Seoane pola *Ruta da Ponte das Covas* pasando polo cámping de Seoane.